



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### **BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL DOCENTE PARA IMPARTIR O CURSO DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO (AFD 2023-2024) OPERACIÓN BÁSICAS-DE RESTAURANTE E BAR (HOTR0208) COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.**

**1.1.** O obxecto destas bases é regular a contratación por parte do Concello de Vilanova de Arousa do PERSOAL DOCENTE para impartir a acción formativa "Operacións básicas de Restaurante e Bar" (HOTR0208), dirixida prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD) e financiada pola Consellería de Emprego e Igualdade, convocatoria 2023-2024.

**1.2.** Este programa esta subvencionado ó amparo da Orde do 11 de maio de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para as accións formativas do Plan formativo para o Emprego (persoas traballadoras desempregadas) da Comunidade Autónoma de Galicia para o período 2023-2025, e se realiza a súa primeira convocatoria para os exercicios 2023 e 2024 (código do procedemento TR301K) (DOG núm. 95, do 22 de maio). O obxectivo prioritario das accións formativas reguladas na citada orde é a facilitar a inserción e reinserción laboral das persoas traballadoras desempregadas naqueles empregos que demandan o sistema produtivo.

**1.3.** O persoal seleccionado se vinculará a esta administración mediante un contrato temporal vinculado a programas formativos de políticas activas de emprego.

**1.4.** As funcións son as seguintes: Programar os contidos do plan formativo da especialidade. Impartir os contidos teóricos e prácticos aplicando a metodoloxía didáctica axeitada, e avaliar a aprendizaxe dos alumnos, así como manter a disciplina do alumnado do seu módulo, dando conta das incidencias que se produzan á dirección do proxecto.

**1.5.** O desenvolvemento do traballo farase exclusivamente cos alumnos AFD do devandito curso, que se impartirá nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local de Vilanova de Arousa, pertencentes ao Concello de Vilanova de Arousa.

**1.6.** Procedemento de selección: concurso de méritos -entrevista curricular.

#### **SEGUNDA. Bases específicas.**

**2.1.** Número de prazas: 2 docentes.

Os docentes impartirán as seguintes materias en **idioma galego**:

##### **- 1º Docente:**

MF0257\_1: **Servizo básico de restaurante-bar** (120 horas).

MF0258\_1: **Aprovisionamento, bebidas e comidas rápidas** (120 horas).





## - 2º Docente:

FCOO03: **Inserción Laboral, sensibilización medioambiental e na igualdade de xénero** (10 horas).

FCOXXX24: **Formación Para a Igualdade** (8 horas).

**2.2.** A duración do contrato dependerá da duración do módulo formativo que imparta o docente.

**2.3.** Xornada laboral: 25 horas semanais en horario de 16:00 a 21:00, de luns a venres.

**2.4.** Salario: 25€ / brutos hora (salario base e prorrata de paga extra, non inclúe a Seguridade Social).

**TERCEIRA. Requisitos dos aspirantes.** Os interesados en participar neste proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

### **3.1. Requisitos xerais.**

3.1.1. Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.

3.1.2. Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.

3.1.3. Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data do inicio da acción formativa ou naquela que se lle indique.

3.1.4. Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento da acción formativa, como medida activa de fomento do emprego.

3.1.5. Coñecemento da normativa que regula o programa das accións formativas do Plan formativo para o emprego

### **3.2. Requisitos mínimos.**

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ao proceso selectivo.


3.2.1. Estar en posesión dalgunha das seguintes **titulación:**

Licenciado en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, Licenciado en Veterinaria, Técnico Superior en Restauración, Técnico en cociña, Certificado de profesionalidade de nivel 3 da familia profesional Hostelería ou Turismo na área profesional da restauración.

3.2.2. **Competencia docente:**

Certificado de Profesionalidade de formador ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego-RD 34/2008, do 18 de xaneiro e RD 189/2013, do 15 de marzo).

Será motivo de exclusión do proceso de selección se non se cumpran os requisitos mínimos establecidos no certificado de profesionalidade de nivel 1. Unicamente se valorarán os méritos dos candidatos que reúnan os requisitos mínimos para cada posto.





En todo caso, os aspirantes deberán posuír os requisitos (xerais e mínimos) ou estar en condicións de obtelos na data na que remate do prazo de presentación de solicitudes.

### 3.2.3. **Experiencia Profesional:**

Necesario acreditar experiencia profesional na docencia e/ou no ámbito da restauración.

## **CUARTA.- Baremo dos méritos.**

### **4.1. Fase de Concurso**

Valoraranse os méritos para cada un dos postos segundo o seguinte baremo:

#### **a) Formación Complementaria:**

Criterios		Puntos
Cursos Max. 1,50 puntos	de 10 a 29 horas.	0,10
	de 30 a 99 horas.	0,20
	de 100 a 299 horas.	0,30
	de 300 a 599 horas.	0,40
	máis de 600 horas.	0,50

#### **b) Experiencia Laboral:**


Criterios		Puntos
Experiencia Max. 4,5 puntos	En docencia de cursos AFD, por cada mes	0,10
	Experiencia docente en formación profesional ocupacional ou regrada con maiores de 16 anos, por cada mes	0,05
	Experiencia profesional. ámbito da restauración , por cada mes	0,03

Notas importantes para tódolos baremos:

- Non se valorará ningún mérito que non estea debidamente acreditado ou que non sexa claro e preciso.
- Os cursos que non especifiquen o contido e número de horas non se contabilizarán.
- Os cursos con contidos similares, só se valorará o que sexalle máis favorable.
- A asistencia a xornadas ou congresos non serán obxecto de puntuación.
- Non serán valorados, por separado, módulos ou unidades integrantes dun título.
- No caso de experiencia profesional, os períodos superpostos, contará como un único día de traballo.
- A categoría a ter en conta será, exclusivamente, a que figure no contrato ou na nómina.

**QUINTA.- Sistema de selección.** O sistema de selección constará dunha primeira fase de entrevista curricular e unha segunda de baremación de méritos dos candidatos que cumpran cos requisitos mínimos establecidos nas bases de selección.

**SEXTA.- Presentación de solicitudes.** Os candidatos a participar no proceso selectivo para as





prazas de persoal docente deberán presentar a súa solicitude seguindo o modelo que acompaña a estas bases (Solicitude) xunto coa documentación que probe os méritos alegados, debidamente cotexada, na sede electrónica do Concello de Vilanova de Arousa, ou presencialmente no Rexistro do Concello, ata as 14:00 horas do **día 19 decembro de 2023**.

### **SÉTIMA.- Fase de entrevista curricular.**

**7.1.** A entrevista curricular terá lugar cos aspirantes que continúen no proceso de selección co fin de avaliar as súas capacidades persoais para desempeñar os postos de traballo que se convocan.

**7.2.** A entrevista curricular, á que os candidatos deberán acudir provistos do seu DNI ou documento equivalente, versará sobre coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto e sobre coñecementos relacionados cos Programas de Emprego e Formación Ocupacional, etc. Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatória, valorarase de 0 ata 4 puntos.

**7.3.** Os posibles empates nas puntuacións dirimiranse mediante a aplicación dos criterios establecidos na base Décimo Primeira.

**7.4.** A entrevista persoal para a selección do persoal docente terá lugar nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local de Vilanova de Arousa, debendo acudir os aspirantes provistos do DNI ou documento substitutivo.

**7.5.** A puntuación na fase de entrevista curricular publicarase no taboleiro municipal e na sede electrónica do Concello, xunto cos resultados provisionais da puntuación final do proceso de selección, indicando o procedemento e prazos para formular alegacións. Unha vez resoltas as alegacións, publicaranse os resultados finais (suma dos puntos acadados en cada fase) dos candidatos que tiveren superado a totalidade do procedemento selectivo.

### **OCTAVA.- Fase de baremación de méritos.**

**8.1.** O grupo de selección valorará, en base aos baremos aprobados, os méritos alegados coa solicitude dos candidatos presentados. A puntuación máxima na fase de valoración de méritos será de 6 puntos.

**8.2.** O grupo de selección publicará no taboleiro do Concello e na sede electrónica os resultados provisionais da baremación de méritos e, de ser o caso, os candidatos non admitidos no proceso de selección, xunto co procedemento para formular alegacións. Rematado o prazo de alegacións, o grupo de selección resolverá as alegacións formuladas e publicará os resultados definitivos da fase de baremación e a convocatoria dos candidatos para a realización da entrevista curricular, indicando día, hora e lugar da mesma.

**NOVENA. Acreditación de requisitos e méritos.** A experiencia profesional acreditarase: do seguinte xeito:

**9.1.** No caso de traballos por conta allea, mediante certificación oficial de vida laboral actualizada máis a copia de contratos ou nóminas onde figure a categoría profesional; ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflectiren claramente o posto desempeñado, a





categoría e a duración da relación laboral.

**9.2.** No caso de traballadores autónomos, mediante certificación oficial de vida laboral actualizada, xustificante de alta de actividade económica (IAE) e facturas nas que consten os servizos prestados.

**9.3.** No caso de traballos realizados no estranxeiro, mediante certificación oficial na que conste a ocupación ou profesión, a categoría profesional e o tempo de permanencia.

**9.4.** O cómputo da experiencia realizarase de acordo cos datos reflectidos no Informe de Vida Laboral en proporción á xornada laboral e non soamente segundo a duración do contrato, é dicir, se se require un ano de experiencia para un posto, este haberá de ser a xornada completa.

**9.5.** A formación acreditarase mediante diplomas, títulos ou certificados da entidade que imparta a formación, facendo referencia inescusablemente ao número de horas, e debendo constar así mesmo: contidos, datas de impartición e emisión, datos da entidade que imparte a formación, identificación da persoa que certifica (nome e cargo da mesma) e selo da entidade.

**9.6.** As titulacións académicas xustificaranse cos correspondentes títulos ou resgardos da solicitude dos mesmos.

**DÉCIMO.- Puntuación final. Contratación.** A entidade promotora estará obrigada a contratar o aspirante que, obtendo a maior puntuación final, fose proposto polo grupo de selección. A modalidade de contratación empregada para o persoal directivo desta acción formativa será o contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

**10.1.** As puntuacións finais e os nomes dos candidatos propostos para seren contratados pola entidade promotora e os dos integrantes da lista de reserva, publicaranse nos taboleiros da entidade promotora e na páxina web do Concello.

**10.2.** Unha vez publicadas as puntuacións do proceso de selección, os candidatos con maior puntuación en cada praza deberán comunicar por escrito á entidade promotora a súa aceptación ou renuncia á praza.

**10.3.** Se transcorrido devandito prazo non se confirma a praza, segundo o anterior, considerarase que se renuncia á mesma, que pasará a adxudicarse ao seguinte candidato con maior puntuación, tendo igualmente a obrigación de comunicar a aceptación ou renuncia a dita praza.

**DÉCIMO PRIMEIRA.- Criterios para dirimir empates.** Para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dous ou máis candidatos en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, rexerán os seguintes criterios:

- 1º. A persoa que se atope en situación de desempregado.
- 2º. A puntuación correspondente ás titulacións preferentes.
- 3º. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- 4º. A puntuación obtida no apartado de experiencia docente.
- 5º. A puntuación obtida no apartado de coñecemento do idioma galego.

**DÉCIMO SEGUNDA.- Incidencias e reclamacións.** Non é aplicable a este proceso selectivo a





Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal  
www.vilanovadearousa.gal  
sede.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069



normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas.

A entidade promotora resolverá as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

As reclamacións serán resoltas polo órgano de contratación, previa proposta do tribunal cualificador.

**DÉCIMO TERCEIRA.- Competencia.** As presentes Bases se aproban pola Alcaldía de Vilanova de Arousa no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21 .1.h) da Lei 7 /1985, do 2 de abril e LBRL; 61.1 .h) da Lei 5 /1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Vilanova de Arousa, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE,

Gonzalo Durán Hermida

DOU FE. O SECRETARIO XERAL,

Javier Bouzada Romero

